

2ª PROPOSTA

- ▶ **NON FAGADES ESTAS ACTIVIDADES ATA QUE REMATEDES AS ANTERIORES**
- ▶ **E LEMBRARDE QUE TEDES QUE SEGUIR LENDO E ESCRIBINDO TODOS OS DÍAS**

Lectura

- Recordade o que dicía na anterior proposta de traballo: *Se non sodes capaces de conseguir ningún libro da lista, procurade ler outro que sexa axeitado para vós. Cando comecen as clases xa me contará cadaquén o que leu, e decidiremos o que facemos en cada caso.*
- **Quen poida ler máis dun libro que o faga, e valeralle para SUBIR A NOTA.**
- **As persoas ás que NON vos gusta moito ler** e que, como consecuencia, vos custa concentrarvos na lectura e vos “ídes” con frecuencia, lembrade o que xa comentamos moitas veces:
 - Lede ó redor de oito ou dez liñas, parade e intentade recordar o que lestes. Se vos acordades (sobre todo do máis importante) lede outro parágrafo e facede o mesmo. E seguides así ata que acabades o libro.
 - Pero se non o recordades tedes que volver a ler o mesmo fragmento, e ó rematalo parade e intentade recordar o que lestes. NON podedes pasar a outro fragmento ata que entendades e vos acordades do que acabades de ler.
 - Lembrade que é mellor ler ben a metade dun libro que chegar ó final sen entendelo e/ou sen acordarse de nada.
 - Loxicamente, tedes que parar sempre nun punto e á parte.
- Buscade en Internet a web <https://galiciaencantada.com/> e lede todos os textos que poidades. **VANVOS GUSTAR**, pois hai moitísimos e moi variados, e seguro que vos van enganchar e engaiolar.



Web sobre a historia da Galicia imaxinaria: mitos, lendas, ritos, contos, romances e aventuras que se resisten ó esquecemento e que seguen vivindo na nosa memoria colectiva.

Expresión escrita

- Tal como vos dicía na anterior proposta de traballo, *Podedes facer igual que nas vacacións de Nadal e contar cada día algo diferente.*
- Pero esquecinme de dicirvos que tamén podedes facer **REDACCIÓNS** seguindo os **PASOS PARA A ELABORACIÓN DE CALQUERA ESCRITO**: 1. Pensa e anota ideas - 2. Escolle as ideas máis interesantes e ordénaas - 3. Desenvolve por escrito cada idea escollida → **BORRADOR** - 4. Cando acabes, le con moita atención todo o escrito e corríxeo - 5. Pasa o escrito a limpo.
 - ▶ **Tedes que seguir o mesmo proceso que empregastes para escribir a do 1º e a do 2º trimestre:**
 - Escollede un tema, o que queirades.
 - Facede o 1º e o 2º paso, poñendo en cada un todas as ideas que consideres axeitadas.
 - E logo empezade co primeiro parágrafo: pensádeo ben antes de comezar a facer o borrador, escribide con calma e fixádvos moito, logo lédeo moi amodiño e corríxídeo todo (dúas veces polo menos), e cando estea ben pasádeo a limpo.
- Tamén podedes escribir historias ou relatos inventados, calquera que se vos ocorra e vos apeteza.

Xogos, vídeos, etc.

- Xa sabedes que na web <https://portaldaspalabras.gal/> podedes consultar o dicionario da RAG.
- Pero tamén a podedes usar para outras moitas cousas: ver DESTACADOS, A~Z LÉXICO e VÍDEOS, facer XOGOS...

Acentuación

- Poñede todos os acentos gráficos que cumpran nestes dous textos. **Esquecédevos das palabras monosílabas**, pois os diacríticos xa están todos postos.

A → *Din que cos anos seica se acentuan os problemas de saude. Poren, eu (Alvaro Diaz Gonzalez), que xa cumprin os sesenta e seis, asegurovos que non é asi. A min a idade non me influiu en nada.*

O sabado fixemos unha excursion gastronomico-cultural á vila de Verin e houbo alguen que rapidamente quedou durmido no autobus (Luisa, Sebastian, Anxela...). Eu, en cambio, non parei de falar dende que saimos. Tamen é verdade que eu non quedo facilmente durmido... Xantamos ás duas, cunha riquísima bola de pan de leña, e despois cadaquen elixiu o que quería facer. Abofe que aínda non me diminuiu a alegría desa saída!

B → CONVOCASE PUBLICAMENTE A PRIMEIRA EXHIBICION MUNDIAL DE NUBES, QUE SE CELEBRARA O DEZASEIS DE MAIO ÁS DOCE DO MEDIODIA NAS GANDARAS DE RIOFRIO

I. Poderan concorrer todas as nubes que asi o desexen. A unica condicion é que se situen ese dia no lugar da proba.

II. Non só se valoraran as formas artisticas que adopte cada nube durante a competicion, senon tamen as combinacións entre si. No animo do xurado esta conceder os premios principais ás que sobresaian pola sua beleza.

III. Rogase que o publico, para presenciar este fantastico espectáculo, se coloque unicamente nas beirarruas e beiravias do leste. Para evitar aglomeracions de ultima hora, xa se sinalaran a vespera.

IV. Para a formacion do xurado tivose en conta que os membros gozasen de recoñecidos meritos científicos, tecnicos ou politico-sociais. Despois dunha difícil seleccion, foron nomeadas as seguintes persoas: Xiana Suarez, Sonia Alvarez, Belen Casais, Eloi Garcia, Luis Piñeiro e Cesar Fontan.

Este texto esta baseado na obra de Paco Martin *Das cousas de Ramon Lamote*

- Recordade que cando empecen as clases tedes que facer a **PROBA de ACENTUACIÓN**. Polo tanto estudade ben toda a teoría que aparece nas páxinas 52-53 e 70. Sobre todo o **CADRO coas REGLAS XERAIS de ACENTUACIÓN**.

Libro de texto

MANDO AS PÁXINAS ESCANEADAS PARA OS/AS QUE TEÑAN O LIBRO DO 2º TRIMESTRE NO INSTITUTO

- Se non puides facer os exercicios 1-2-3-4-5-7-8-9 do **Vocabulario** da unidade 5 (páx. 85), fainos nestes próximos días.
- Se non puides ler as páxinas 80-81(**Mans de bailarina**) nin facer todos os exercicios da páxina 82, leas e mais fainos nestes próximos días.
- Lede a teoría de **Ortografía** da páxina 88. Se non sabedes o significado dalgunha palabra, buscádeo no dicionario.
- Fai todos os exercicios das páxinas 88 e 89. Os puntos do 4, do 8 e do 9 NON hai que facelos.

3 Vocabulario

O corpo en acción



Pasa lista

rir	saudar	arrubiar	aniñarse
ollar	acenar	bocexar	espir(se)
bicar	chiscar	empurrar	deitar(se)
sorrir	asubiar	aloumiñar	erguer(se)
sinalar	beliscar	espernexar	axeonllarse
chorar	choutar	pestanexar	espreguizarse

Os contrarios

Os **contrarios** son palabras da mesma clase que teñen significados opostos. Por exemplo: *amizade - inimizade* (substantivos), *sociable - túzaro* (adxectivos), *deitarse - erguerse* (verbos).

Le, consulta, aplica...

- Emparella cada número da ilustración co verbo de **PASA LISTA** que corresponda.
- Substitúe, nestas oracións da lectura, os verbos destacados por sinónimos de **PASA LISTA**:
 - Suspirou e **amosoulle** de novo as andoriñas.
 - E **levantando** os brazos no aire, a vella bailarina comezou a movelos imitando o voo dos paxaros.
 - Rosa **mirou** para o chan, abatida, coas bágoas a punto de saírlle dos ollos.

3 Agora busca cadanseu sinónimo destoutros:

patexar	acariciar	estirarse
beixar	indicar	xesticular
brincar	empuxar	denudarse

- Copia o verbo de **PASA LISTA** que corresponde a cada significado:
 - Abrir a boca por fame, sono ou aburrimiento.
 - Mover as pestanas e as pálpebras abrindo e pechando os ollos.
 - Poñerse colorado.
 - Cerrar e abrir un ollo, ou os dous, para facer algún sinal ou dar a entender algo.
 - Agacharse dobrando os xeonllos.
 - Apertar, con dous dedos, un pouco de pel e de carne a alguén.
- Agora escribe unha oración con cada verbo.

5 Copia catro verbos que expresen accións que se realizan sobre todo coas partes do corpo que se indican en cada caso:

Ollos	Boca/beizos	Brazos/mans	Pernas/pés


- Substitúe cada verbo destacado por un contrario de **PASA LISTA**:
 - A ver, ou te **tombas** ou te **endereitas**.
 - Que se fai antes, **levantarse** ou **espirse**?

- Agora escribe un contrario de cada palabra:

Substantivos: home, mozo, tristeza, vantaxe.

Adxectivos: malo, pequena, duro, covarde.
- Emparella cada número, do debuxo que hai embaixo, coa parte do corpo que corresponda.

cadril - xeonllo - meixela - empeña - lombo
nocello - cotelos - pulso - sofraxe - embigo
pescozo - papo da perna - caluga - cóbado
ombreiro - fronte - coxa - queixo




- Agora, velaquí algunhas preguntas para nota! Di como se chama...
 - Doutro xeito, a pupila do ollo.
 - A carne que cobre a raíz dos dentes.
 - A parte onde se une a coxa co ventre.
 - Cada óso plano que hai detrás do ombreiro.

1

Lectura

Mans de bailarina

As irmás Harmonía e Rosa, de doce e seis anos de idade, eran dúas de ses miles de nenos evacuados a Rusia durante a Guerra Civil española. Tres anos máis tarde foron invitadas a unha actuación do Bolshoi, o célebre Ballet Ruso. Nese mesmo momento Rosa decidiu ser bailarina. Para sorpresa de todos, a nena conseguiu unha entrevista coa directora do Bolshoi.



Pero a Rosa non lle tremían as pernas. Dende que entrou no enorme edificio do Bolshoi e comezou a oír por todas partes a música dos ensaios, sentiuse como en transo. E coa mesma admiración ollaba para a directora de baile. Sentía a man daquela muller no seu ombro e, como se fose a música, movíase ao seu compás, deixándose levar por aquela forza que parecía dirixila a través do xardín.

A directora decatábase a un tempo da admiración que espertaba en Rosa e da lixeireza daquel corpo, que obedecía á máis leve presión da súa man. Estaba acostuma-

da ao afago dende os seus tempos de bailarina e, aínda que agora botaba en falta os aplausos do público, sabía distinguir a adulación da admiración sincera.

10 Para tranquilizar a Rosa, preguntáballe pola súa vida en Kirov, como descubrira o gusto pola danza e, de vez en cando, sinaláballe unha planta ou unha árbore do xardín. Rosa seguía fascinada aquela man que parecía unha gaivota pola elegancia e suavidade dos movementos. E nun intre no que estendeu o brazo para sinalar unhas andoriñas, Rosa díxolle con toda inocencia e total convencemento:

15 —Vostede é bailarina, non si?

Non era unha pregunta, senón a confirmación de algo que lle parecía evidente. E a directora, que tiña moitos anos e había moito tempo que deixara de bailar, ollouna con seriedade e respondeu cun pouso de amargura:

—Si, sono. Unha bailarina só deixa de selo cando morre. Iso é algo que moita xente non entende.

20

A directora sentía simpatía por aquela nena estranxeira e soa, que se movía coa lixeireza dun paxaro. Pero non quería que os seus sentimentos influísen nas súas decisións: quería ser xusta. Lembrándose dos centos de solicitudes para entrar no Bolshoi que rexeitaba cada curso, pensou que tería que sometela á proba de baile e que o comité decidise, sabendo de antemán que, case con seguridade, non sería aceptada. Entón suspirou e amosoulle de novo as andoriñas:

—Óllaas, van para a túa terra.

—Para Galicia? E como poden chegar tan lonxe sendo tan pequenas?

A directora sorriu.

30 —Son pequenas pero fortes, como as bailarinas. Non queres dicirlles adeus?

E, levantando os brazos no aire, a vella bailarina comezou a movelos imitando o voo dos paxaros. Aínda que as pernas xa non lle respondesen, a súa maneira de mover os brazos seguía provocando a admiración de cantos os contemplaban. Diríase que non tiñan ósos; semellaban algas mariñas abaneadas polas ondas, vimbios movidos polo vento... De súpeto, detívose e deixounos caer ao longo do corpo, mentres ollaba pasmada para Rosa. Aquela rapaza que nunca bailara ballet, a quen ninguén ensinara, movía os brazos coma ela.

35

Cando as andoriñas desapareceron polo horizonte, Rosa volveuse cara á directora e sorprendeuse da súa expresión sería.

40 —Hai que volver ás clases.

Rosa asustouse do ton cortante.

—Vaime facer a proba de baile? —atreveuse a preguntar a nena.

A directora negou coa cabeza.

—Non, non hai necesidade.

45 Rosa mirou para o chan, abatida, coas bágoas a punto de saírlle dos ollos. E sen levantalos comentou:

—Xa son demasiado grande...

Sentiu outra vez a man da directora no seu ombreiro e, logo, a súa voz:

—Para seres unha bailarina do corpo de baile é, en efecto, demasiado tarde... Pero

50 ti podes ser unha estrela. E as estrelas non teñen idade.

Marina Mayoral: *Tristes armas*, Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo (adapt.)

Comentario da lectura

Léxico

- 1 Copia todos os substantivos que designen partes do corpo. Cal se repite máis veces?
- 2 A palabra *corpo* é polisémica; fíxate nalgúns dos seus significados e escribe o número correspondente nas frases de abaixo:

corpo *s.m.* **1.** Calquera obxecto ou porción de materia. **2.** Parte física dun animal ou dun ser humano. **3.** Cadáver. **4.** Tronco dun animal ou dunha persoa. **5.** Conxunto de persoas que desempeñan unha mesma profesión.

- Apareceu un corpo aboiando no lago.
- Metéuselle no ollo un corpo estraño.
- Está gordo de corpo, pero ten as pernas moi delgadas.
- Rosa quería entrar no corpo de baile.
- Tremíalle todo o corpo dos nervios.

- 3 Consulta o dicionario se o precisas e completa as oracións coas seguintes palabras:

ollar - leve - adulación - rexeitar - pouso

- Sopraba unha ... brisa.
 - Non soporto tanta ...! El só busca que lle dea o posto.
 - Non podía deixar de ... o mar. Era tan fermoso!
 - Nesta cunca quedou ... do café.
 - Rosa non podía ... aquela oferta: era o que sempre soñara.
- De cal das palabras anteriores é sinónimo o substantivo *afago*.

Comprensión

- 4 Estaba nerviosa Rosa cando entrou no Bolshoi? Por que o sabes?
- 5 Que botaba de menos a vella bailarina?
 - Cita outras profesións nas que se pode botar de menos «a calor do público».
- 6 Con que compara o narrador as mans da bailarina? Busca tres comparacións.
- 7 E con que compara as andoriñas? Por que?

Personaxes

- 8 Di cales destas afirmacións son certas:
 - a) Rosa era filla única.
 - b) Rosa vivía agora nun país que non era o seu.
 - c) A muller xa non era bailarina, estaba retirada.
 - d) A directora estaba segura desde o principio de que o comité aprobaría a solicitude de Rosa.

Situación

- 9 Contesta cun nome de lugar e busca no texto o fragmento onde aparece:
 - a) Para onde foron evacuados moitos nenos tras a Guerra Civil española?
 - b) En que vila rusa vivía Rosa?
 - c) De onde eran Rosa e Harmonía?
 - d) En que parte do edificio do Bolshoi se reuniron Rosa e mais a directora do ballet?

Opinión persoal

- 10 Cres que todos debemos «perseguir os nosos soños»? Xustifica a resposta:
 - a) Si, porque se non nunca seremos felices.
 - b) Non, debemos conformarnos co que temos.
 - c) Depende de se temos ou non calidades para alcanzalos.



5

Ortografía

Uso de i, // e x



5.1 Palabras con i, con // e con x

Fíxate ben nestas palabras, para escribilas correctamente. E ten especial coidado en evitar os castelanismos, pois adoitan ser bastante frecuentes.

- Escríbense con **i**: *apoio, arroiá, boia, claraboia, desmaiar, ensaio, escaiola, faiado, iate, ioga, iogur, ioiío, maio, maionesa, maior, papagaio, praia, raia, raio, saia, xoia* e mais as palabras das súas familias: *maioría, pararraios, xoiería...*
- Escríbense con **//**: *pallaso, abella, acubillar, agasallo, aguillón, agulla, alleo, allo, antollo, aparelador, atallo, baralla, burbulla, cella, cerralheiro, coello, concello, consello, encrucillada, escaravello, espello, estropallo, fillo, folia, lentellas, mellor, mollar, navalla, ollo, orella, ovella, palla, parella, piollo, semellar, sortella, tella* e mais as palabras das súas familias: *acubillo, antolladizo, barallar, conce lleiro, emparellar, semellante...*
- Escríbense con **x**: *inxeción, pexorativo, proxecto, traxecto, xema, xenro, xeso* e mais as palabras das súas familias: *proyector, traxectoria, enxesar...*

Le, consulta, escribe...

1 Asocia cada unha das seguintes ilustracións cunha palabra con i, // ou x:



2 Busca, na lista que se indica e, un sinónimo de cada palabra:

Con i	Con //
liña	anel
axuda	parecer
faldra	capricho
diluviar	regalo

3 Escribe a palabra con i, // ou x que corresponde a cada un dos seguintes significados:

- Persoa que goberna, co alcalde.
- Que pertence ou corresponde.
- Lugar onde se cruzan varios camiños.
- Pequena ventá no tellado durante a tormenta.
- Home da filla respecto dos pais.
- Obxecto flotante que se suxeita ao mar para que sirva de sinal.
- Camiño que acurta unha distancia.
- Darlle axuda ou auxilio a alguén.
- Parte saínte, cuberta de pelo.
- Espazo que se percorre entre cidades.
- Ave dos países cálidos, de cor verde, que domesticada pode imitar a voz humana.
- Conxunto de naipes usados en xogos.

Infórmate e resolve...

4 Emparella cada palabra do primeiro grupo coa do segundo coa que teña relación:

ioga - faiado - maionesa - acubillo - aguillón
aparellador - burbullas - cerralleiro - enxesar
estropallo - parella - inxección

ferver - mozo/moza - pechadura - xiringa
reflexión/exercicio - técnico - fregar - perna
tellado - veneno - salsa - protección

• Escolle catro parellas, consulta cando o precisas e escribe cadansúa oración.

Exemplo: *O ioga é unha técnica de reflexión e de exercicio físico que procede da India.*

5 Completa estas palabras con *i*, *ll* ou *x*, segundo a familia léxica á que pertence cada unha:

pa_aso	ma_oría	ata_ar
mo_adura	me_oría	ra_ola
pararra_os	coe_eira	pa_oza
empare_ar	apo_ado	xo_ería
tra_ectoria	aconse_ar	in_ectar
anto_adizo	seme_ante	ensa_ar
desma_arse	esca_olada	bara_a
escarave_ar	pro_ección	agasa_ar



6 Completa con palabras das familias léxicas de **ollo** e **proxecto**:

- Aquí tedes o ... da obra, se vos gusta empezo xa. Pero mirádeo ben, non chega cunha ...!
- Que ... tes! Ou estás canso ou andas mal.
- Cada botón hai que abrochalo no seu ...
- Para pescar un ... hai que ... ben as cousas.

7 Escribe tres palabras de cada familia:
fillo - xoia - tella

8 Emparella *concelleiro* e *conselleiro* co lugar onde traballa cada un:

Xunta de Galicia - Casa do concello

- Como se chama o conselleiro de Educación?
- E o concelleiro de Educación do teu concello?

9 Emparella cada expresión da primeira columna co seu significado na segunda:

Expresión	Significado
<i>Abrir os ollos.</i>	Aceptar sen protestar.
<i>Baixar as orellas.</i>	Saber o que pasa.
<i>Queimar as cellas.</i>	Estudar moito.
<i>Andar co maio.</i>	Anular os acordos.
<i>Romper a baralla.</i>	Estar moi atento.
<i>Estar no allo.</i>	Ter poucos ánimos.

• Escolle as tres expresións anteriores que máis che gustaron e escribe cadansúa oración.

10 Completa cada expresión coa palabra axeitada da lista que se indica:

- Marchar feito un ... [1].
- Coller polo ... [4].
- Non ser a ... do ovo [x].
- Saber a ... marear [1].